

## ID#62

A Fontaneira – Baleira, 1978

**Informante:** Florencio López Fernández, “o cego dos Vilares”

**Compilador:** César Álvarez

**Colección** de Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias

**Transcripción:** X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa

1. Un domingo pola tarde  
cosendo estaba Carmiña  
sentada na aira ó sol  
e cantando a Maruxiña
2. Cuando detrás dela viu  
un rapaz que lle decía  
–Parece que estás contenta  
pos Dios nos dea alegría!
3. –Lévetelo diablo, Manolo  
qu’a fe me puñeches medo  
que co susto que levei  
clavei a agulla nun dedo
4. –Pois non te asustes, Carmiña  
que eso ben o sabes tu  
ao meu lado non parece\*  
como Dios nos dea salú
5. –Quen se fía dos rapaces  
que sóde-lo mesmo demo  
que pra enganar as rapazas  
pareceis santos do ceo
6. –Pois as nenas, si Dios quiere  
que pareceis parafusas  
que sodes as rapazas  
todas un fatín de bruxas
7. –Pois os mozos, se Dios quer  
por serdes tan calaveras  
bon sueldo que ganades  
non vos dá para borracheras
8. –Tés moita lingua, Carmiña  
a fe chegaba pra sete  
cuando borracho me viche  
pra decir o que dixeches
9. –Vinte no mes de frebeiro  
un tal día de San Blas  
que me pediches un bico  
i outra couseriña mais
10. –Pues non che era de borracho  
nin por cousa parecida  
era por saber, Carmiña  
hasta ver que oficio tiña
11. –Pois boa piña te levaches!  
que te quedaches con ganas  
que eu non son daquelas nenas  
que se fían de palabras

\*pereces



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades